

## **Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 24 de maio de 2021**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria da CGIC do 24/05/2021
- II. Asistentes á CGIC do 24/05/2021
- III. Alegacións ao Informe provisional de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro
- IV. Procedemento de calidade DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo
- V. Rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores do procedemento DE02 Seguimento e Medición
- VI. Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2019-2020)
- VII. Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2021-2022
- VIII. Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade: Listaxe de estudantado propio seleccionado e Listaxe de estudantado de mobilidade alleo
- IX. Rexistro R2-PE02 P1 Informe de responsables académicos do procedemento PE02 Xestión do PDI

Ábrese a sesión ás 11 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 3 de marzo de 2021.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:


- **Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:**
  - ✓ 5 maio 2021: a Área de Calidade traslada o informe provisional FAVORABLE da ACSUG. Ábrese un prazo de 20 días naturais para a presentación de alegacións. Valorarase no terceiro punto da orde do día desta sesión.
- **Xestión de acordos previos :**
  - ✓ **Indicador I07(2)-DO:** incluír na enquisa de satisfacción a persoas tituladas a valoración sobre o TFM/TFG en base á inclusión dalgunhas preguntas concretas.
    - 19 maio 2021: resposta da Área de Calidade indicando que non se chegaron a incluír as preguntas na enquisa; están a estudar a posibilidade de facer unha enquisa específica coas cuestións correspondentes.
  - ✓ **Accións Formativas:**
    - 12 abril 2021: a **Área de Formación e Innovación Educativa** comunica a apertura do prazo de inscrición no curso “Introdución á linguaxe Python para o docente universitario” (Modalidade virtual) que cubre unha das propostas de accións formativas do centro (R3-PE02, Comisión de Calidade do 16 de decembro). O curso dará comezo o próximo 7 de xuño.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Programa DOCENTIA**
  - ✓ Marzo 2021: publicación do informe definitivo resultados DOCENTIA quinquenal 2012/13 a 2016/17 (segunda convocatoria), agregados por ámbitos, centros, departamentos e titulacións. Valorarase no punto 9 da sesión.
  - ✓ 25 marzo 2021: solicitan o envío do documento achegado, cumprimentado coa actividade docente do profesorado adscrito ao centro no curso 2019-2020, antes do 30 de abril. Inclúen indicacións e o día 26 achegan unhas aclaracións.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Avaliación Docente**
  - ✓ 10 maio 2021: Posta en marcha do proceso de **Enquisas de Avaliación Docente (EAD)**, en modalidade en liña do 2º cuadrimestre do curso 2020-2021. Xa está dispoñible para o alumnado, na Secretaría Virtual, a aplicación para a Avaliación Docente, naquelas materias do segundo cuadrimestre do curso 2020-21 nas que está matriculado, co obxecto de avaliar ao profesorado que imparte esas materias, a condición de que imparta polo menos 10 horas de docencia en grao ou 6 horas de


docencia en mestrado. Prazo: 10 de maio – 10 de xuño de 2021. Píden a colaboración do centro coa difusión da mensaxe entre o alumnado do centro para fomentar a participación.

## ➤ Comunicacions da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción

- ✓ 15 marzo 2021: achegan de novo o informe de satisfacción das entidades empregadoras coas titulacións do curso 2019-20. As únicas respostas relativas ao centro eran parciais e foron descartadas.
- ✓ 15 maio 2021: envío das ligazóns, de cada titulación do centro, para distribuír ás entidades empregadoras que se consideren máis relevantes para que poidan participar na enquisa de satisfacción. Aconsellan enviar cada unha a entre 5 e 15 entidades. O prazo para realizar a enquisa remata o 30 de xuño.
- ✓ 16 abril, 11 maio 2021: achegan datos relativos á evolución da participación nas Enquisas de Satisfacción coas titulacións oficiais de grao e máster:

Grupo	Fonte	Data	%EEME	%UVIGO
Profesorado	SEIX	22/05/2021	36%	–
Alumnado	Área Calidade	10/05/2021	15%	18%
Persoas tituladas	Área Calidade	13/04/2021	26%	16%





- ✓ 22 maio situación actual da participación nas Enquisas de Satisfacción coas titulacións oficiais de grao e máster recollidas no SEIX:

Titulación	Grupo	Total mostra	Participantes	Porcentaxe
GEE	Alumnado	25	6	24%
	Profesorado	66	19	29%
GERME	Alumnado	7	1	14%
	Profesorado	28	11	39%
MUEM	Alumnado	22	4	18%
	Profesorado	31	15	48%
CENTRO	Alumnado	54	11	20%
	Profesorado	125	45	36%

➤ **Publicacións de indicadores no Portal de Transparencia:**

- ✓ 8 abril 2021: informe PRE.GRA. Admisión de grao (actualización do curso 2020-21) e indicadores de recursos humanos.

➤ **Xestións IRPD 2019-2020:**

- ✓ 17 marzo 2021: a **Unidade de Análises e Programas** confirma que, debido a problemas técnicos sen visos de solución, a descarga integrada dos informes do catálogo de indicadores a través da Excel global non vai estar dispoñible.
- ✓ 8 abril 2021: consulta á **Unidade de Análises e Programas** sobre a taxa de graduación do GERME, que non aparece no informe correspondente, e comunicación do erro no cómputo das medias de duración media dos estudos no Portal de Transparencia.
- ✓ 9 e 12 abril 2021: respostas da **Unidade de Análises e Programas** aclarando os datos relativos á taxa de graduación do GERME.

- ✓ 23 abril 2021: resposta da **Área de Calidade** aclarando dúbidas sobre os indicadores I01-AC e I04-AC.
- ✓ 11 maio 2021: resposta da **Área de Calidade** aclarando algunhas dúbidas relativas ao IRPD e deixando pendentes as respostas sobre o estado de varias iniciativas do centro: medicións alternativas da participación no programa DOCENTIA quinquenal, Erro estraño en dúas Accións de Mellora na plataforma do SGIC (PM01 e PM10) e incorporación de cuestións relativas ao novo indicador I07(2)-DO nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas.
- **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2020-2021:**
  - ✓ Na sesión de hoxe trataranse todos os rexistros abertos excepto os seguintes:
    - **R1-DO0203 P1** Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo **PAT-ANEAE**.
    - **DOC – Documentación complementaria**.

O coordinador sinala que o primeiro se tratará nunha próxima sesión, trala aprobación do procedemento na sesión de hoxe. O segundo é aberto; pódense incorporar nel, por exemplo, os rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade.

A Presidenta agradece ao coordinador de calidade o traballo realizado.

### 3. **Valoración do informe provisional de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro e aprobación, se procede, de alegacións ao mesmo.**

A Presidenta sinala que o 5 de maio a Área de Calidade achegou o informe provisional favorable de Renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro e o comenta brevemente. Sinala os motivos da valoración favorable, resaltando as principais fortalezas indicadas. A continuación menciona as accións de mellora propostas e as recomendación de mellora. Sinala que algunhas das carencias reflectidas nestas accións xa foron aclaradas na visita da comisión externa e se deben a malas interpretacións da información achegada polo que propónse redactar unhas alegacións para aclaralo. Amonsa a proposta de documento de alegacións elaborado pola dirección (ANEXO III) e sinala os seus principais aspectos.

Apróbbase o documento de alegacións por asentimento.

### 4. **Aprobación, se procede, do novo procedemento de calidade DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.**

O novo procedemento de calidade DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo é unha actualización do procedemento anterior fundamentalmente para incorporar o tratamento das necesidades específicas de apoio educativo; deste xeito aglutina ao PAT (Plan de Acción Titorial) e a ANEAE (Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo). Foi elaborado pola Área de Calidade e a súa versión definitiva, tras varias revisións, ten data do 3 de marzo de 2021. Agora hai que aprobalo no centro e, posteriormente, elaborar o PAT-ANEAE do centro para o curso 2021-22.

O documento marco do novo procedemento foi modificado levemente pola Dirección para melloralo e personalizalo para o noso centro e achegouse previamente aos membros da comisión (ANEXO IV).

A Directora explica brevemente o procedemento e o anexo – guía de elaboración do PAT-ANEAE e abre unha quenda de intervencións.

Carmen Filgueira fai unha suxestión referente ao PAT. Sinala que na delegación de alumnado teñen a percepción de que o alumnado non sabe de que se trata nin para que serve. Suxire darlle máis difusión dende o centro (email ao alumnado explicando a súa utilidade, informando de quen son os titores, etc.). A Presidenta recolle a suxestión para cando se elabore o PAT-ANEAE do centro.

Francisco Deive sinala que nas reunións que mantivo co alumnado como coordinador de titulación constatou a percepción de que o alumnado non identifica no marco do PAT as accións de orientación que se desenvolven no centro.

A comisión aproba o novo procedemento por asentimento.

## 5. **Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE02 P1 Panel de indicadores* do procedemento DE02 Seguimento e Medición.**

A Presidenta sinala que fai pouco tempo dende a última revisión e actualización do Panel de Indicadores pero durante a elaboración do IRPD, atopouse que a definición do indicador I01-AC: "Nota media de acceso de estudantes que solicitan o acceso (en primeira preferencia) a unha titulación T", aínda que é coincidente coa definición da CRUE, non concorda coa definición no Catálogo de indicadores da UVIGO nin, polo tanto, cos cálculos publicados no Portal de Transparencia da UVIGO:

- ✓ Poboación de referencia. *Estudiantado que inicia estudos de grao e máster. Infórmase tanto sobre o estudiantado que accede por primeira vez ao sistema universitario, como de aqueles que proceden doutra titulación e os que realizan traslado de expediente dende planes de estudos anteriores ao proceso de Bolonia...*

- ✓ Formulación. *Media das notas do estudantado que accede por primeira vez á titulación detallada por perfil de acceso.*

Por elo propónse adaptar a definición do indicador no panel do centro á da UVIGO eliminando o texto "(en primeira preferencia)".

Apróbase por asentimento a actualización do Panel de indicadores (ANEXO V) con este único cambio.

## **6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2019-2020).***

A Presidenta comenta que é un informe importante no que se revisa o funcionamento global do centro e as titulacións e que foi enviado con antelación aos membros da comisión (ANEXO VI). Sinala que o informe está moi traballado polo equipo de dirección pero considéranse moi importantes as aportacións da Comisión de Calidade.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe, que é a mesma dos anteriores, e sinala os seus principais aspectos.

Aclara que se foi acumulando un número excesivo de accións de mellora abertas. O plantexamento neste informe vai na liña de pechar accións de mellora e soamente definir as novas que sexan imprescindibles. Lembra tamén a excepcionalidade do curso avaliado debido a situación producida pola COVID-19 (docencia non presencial, avaliación en liña, etc.).

### **Sección relativa ao Centro.**

A Presidenta sinala que se revisaron con detalle as accións de mellora que estaban abertas e a única nova acción de mellora proposta é o Plan Estratéxico do Centro, que se declara como acción prioritaria.

### **Sección relativa ao GERME.**

Comenta a evolución dos resultados, salientando o problema das taxas de ocupación e abandono. Sinala que os indicadores de valoración da actividade docente melloran case que todos e algúns son os máis altos da universidade. A conclusión podería ser que poucos estudantes elixen este grao pero os que o fan están contentos e que necesariamente hai que continuar coas iniciativas de difusión e promoción para captar máis alumnado. Destaca os resultados da enquisa realizada ao estudantado para avaliar a resposta ante a situación xerada pola COVID-19: a valoración no Grao ERME é mellor que no ámbito, centro e universidade.

A Presidenta sinala o estado das accións de mellora anteriores.



## Sección relativa ao Grao EE

Sinala que na valoración do grao de satisfacción aumentou o grao de satisfacción hai ítems con valoracións moi altas e outras no tanto. Sinala o dato da baixada da taxa de graduación, aínda que é un dos valores mellores do ámbito e sinala que se terá que facer un seguimento deste indicador, para valorar si foi consecuencia das circunstancias excepcionais da alarma sanitaria ou non. A Directora comenta os principais epígrafes, a evolución dos resultados e as valoracións dos mesmos. Destaca o estado das accións de mellora anteriores e indica que non se propoñen novas accións de mellora.

## Sección relativa ao MUEM

Destaca os mellores resultados nas enquisas que no curso anterior e na enquisa COVID os mellores da UVIGO.

Remata a presentación do IRPD coa lectura das conclusións e acordos recollidos na proposta do IRPD.

Abre unha quenda de intervencións.

Tras un breve debate, apróbase por asentimento o rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección do curso 2019-2020.

A Presidenta agradece a Guillermo García, Coordinador de Calidade, o traballo realizado na coordinación e na elaboración do documento.

### **7. Aprobación, se procede, do Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2021-2022, que forma parte do rexistro *R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións*.**

A Presidenta explica que este rexistro está formado por dous documentos: o Plan de promoción para o curso 2021-2022 (ANEXO VII), que foi enviado con antelación aos membros da comisión, e o Informe das accións desenvolvidas durante o curso 2020-2021, que se elaborará no mes de setembro.

Fai unha breve exposición do documento e indica que foi elaborado por Santiago Pozo, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o seu traballo e a súa dedicación á difusión do centro.

A Comisión aproba por asentimento o Plan de promoción das titulacións do centro.

### **8. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:**

- a. **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado**



## b. R2-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo.

A Presidenta lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da comisión por email (ANEXO VIII). A continuación explica que os rexistros do procedemento **DO-0205 P1 Xestión da mobilidade** foron elaborados coa axuda do Subdirector de Relacións Externas e Mobilidade, Santiago Pozo, e os comenta brevemente:

- **R1-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado propio seleccionado.** Este rexistro resume a mobilidade do alumnado do centro. Faise unha comparativa cos datos do curso anterior, que reflicte unha redución importante da mobilidade nos graos, probablemente como consecuencia da situación provocada pola COVID-19.

	Curso 2019-20			Curso 2020-21		
	GEE	GERME	MUEM	GEE	GERME	MUEM
<b>Total alumnado</b>	11	3	0	5	0	1
<b>Porcentaxe total</b>	5,9%	4,3%	0,0%	2,6%	0,0%	3,0%
<b>Porcentaxe Mulleres</b>	7,8%	14,3%	0,0%	0,0%	0,0%	5,0%
<b>Porcentaxe Homes</b>	4,9%	0,0%	0,0%	7,8%	0,0%	0,0%

- **R2-DO0205 P1 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo.** Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase que o número de participantes baixou lixeiramente: pasou de 12 a 9.

O Coordinador de Calidade aclara que estes rexistros non figuran na Axenda Básica de calidade pero propón a súa aprobación para completar a información da mobilidade no centro e a súa publicación na plataforma do SGIC no rexistro Documentación Complementaria.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento DO-0205.

## 9. Aprobación, se procede, do rexistro *R2-PE02 P1 Informe de responsables académicos* do procedemento PE02 Xestión do PDI.

A Presidenta sinala que este rexistro consiste en recoller e arquivar na aplicación do SGIC un informe elaborado pola Área de Calidade cos resultados do programa DOCENTIA Quinquenal correspondente ao período 2012/13 a 2016/17 (segunda convocatoria)

agregados por centros e titulacións (ANEXO IX). Fai unha breve valoración dos datos recollidos no informe.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

## 10. Rogos e Preguntas.

Carmen Filgueira lembra que na visita da comisión externa da ACSUG se criticou a porcentaxe de mobilidade no centro mentres que ela opina que é alta. A Presidenta responde que habería que revisar o correspondente indicador no IRPD e o cálculo da porcentaxe. En calquera caso, comenta que pódese tentar dar máis información ao alumnado.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 42 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 24/05/2021



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 24/05/2021

<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 24 de maio de 2021</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Diego López González	Representante da Sociedade
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Elena González Rodríguez	Representante do PDI



## **ANEXO III**

Alegacións ao Informe provisional de Renovación da Certificación da  
Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro.



## **ANEXO IV**

Procedemento de calidade DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.





## **ANEXO V**

Rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores do procedemento DE02  
Seguimento e Medición.



## **ANEXO VI**

Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección

(curso 2019-2020).



## **ANEXO VII**

Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2021-2022.



## **ANEXO VIII**

Rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade: Listaxe de estudantado propio seleccionado e Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.



## **ANEXO IX**

Rexistro R2-PE02 P1 Informe de responsables académicos do  
procedemento PE02 Xestión do PDI.